

NOTIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DE SUBVENCIÓN

Convocatoria: ORDE do 30 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades locais para programas de inclusión social para os anos 2025 ao 2027, cofinanciada pola Unión Europea no marco do programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria (DOG núm. 157 do 19/08/2025).

Entidade: Concello de Lugo

Nif: P2702800J

Expte nº: 35

Forma de inicio: solicitude do interesado

Procedemento: resolución da subvención solicitada de programas

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A entidade arriba sinalada presentou a solicitude no marco da orde de subvención e procedemento, arriba indicados.

SEGUNDO.- A Subdirección Xeral de Prestacións e Programas de inclusión, órgano instrutor do procedemento, revisada a documentación inicial e tras comprobar a concorrencia dos requisitos esixidos para conceder a subvención, emitiu con data 31 de outubro de 2025 informes no que se reflicten os expedientes susceptibles de resolución de desestimación e de declaración ou aceptación de desistencia con indicación das circunstancias concorrentes en cada caso. Así mesmo, remitiu á Comisión de Valoración, constituída de acordo co disposto no artigo 14 das bases, os expedientes respecto dos que se verificou a presentación da documentación en prazo e forma e o cumprimento dos requisitos previos establecidos na convocatoria.

TERCEIRO.- Conforme aos artigos 1, 15 e 16 da orde reguladora da convocatoria, a determinación das concesións realízase mediante o procedemento de concorrencia competitiva, e as solicitudes serán valoradas e puntuadas por a Comisión de Valoración prevista no artigo 15 e 16. Deste xeito o 03/11/2025, a presidenta da Comisión elevou a esta dirección xeral proposta de valoración do conxunto de todas as solicitudes seguindo o procedemento establecido e a ponderación dos criterios de concesión establecidos no artigo 16 e 17 da orde. Deste xeito:

- No ano 2025 todas as actuacións obteñen subvencións.
- No ano 2026 no programa de educación e apoio familiar non acadan subvención as actuacións admitidas con menos de 34 puntos, no programa de persoas sen fogar con menos de 41 puntos, no programa de persoas xitanas con menos de 39 e no programa de poboación inmigrante con menos de 48. Todos os programas de exclusión social acadan subvención.



- No ano 2027 no programa de educación e apoio familiar non acadan subvención as actuacións admitidas con menos de 37 puntos, no programa de persoas sen fogar con menos de 43 puntos, no programa de persoas xitanas con menos de 47 e no programa de poboación inmigrante con menos de 49. Todos os programas de exclusión social acadan subvención.

No caso no que coincidiron as puntuacións de varias solicitudes de actuacións, empregouse como criterio de desempate, sinalado no artigo 17.7 da orde de convocatoria, o tipo de prestación que se solicita, de acordo coa seguinte orde:

- 1º. Prestacións do servizo de apoio á inclusión sociolaboral, sección de inclusión básica.
- 2º. Prestacións do servizo de apoio á inclusión sociolaboral, sección de inclusión e transición ao emprego.
- 3º. Prestacións do servizo de apoio á inclusión residencial.

O artigo continúa sinalando que se aínda así seguise existindo empate, utilizarase como criterio de desempate o de maior puntuación sucesivamente nos criterios b) e c) do artigo 16, por esa orde. No caso de que persista o empate, en último termo terá preferencia a actuación comprendida no número de expediente máis baixo.

CUARTO.- Unha vez fiscalizado o gasto en conformidade pola Intervención Delegada, o director xeral de Inclusión Social, en virtude do artigo 18 e disposición derradeira primeira, resolveu a concesión e denegación das subvencións.

Por todo o anterior,

NOTIFÍCASE

PRIMEIRO.- A concesión e/ou denegación das subvencións solicitadas para as seguintes actuacións coas contías e motivos que se indican:



Programa	Actuación	Puntos	Horas 2025	Concedido 2025	Horas 2026	Concedido 2026	Horas 2027	Concedido 2027	Estado
poboación inmigrante	inclusión sociolaboral básica: Apoio á inclusión básica	59	1003	25.961,65 €	1720	44.520,48 €	716	18.532,94 €	concedida
poboación xitana	inclusión sociolaboral básica: Inclusión social poboación xitana	51	300	7.765,20 €	750	19.413,00 €	300	7.765,20 €	concedida
poboación xitana	inclusión residencial: Inclusión residencial	51	300	9.059,40 €	750	22.648,50 €	300	9.059,40 €	concedida
poboación inmigrante	inclusión residencial: Inclusión e mantemento residencial	49	708	21.380,18 €	1422	42.941,56 €	717	21.651,97 €	concedida
exclusión social	inclusión sociolaboral e transición ao emprego: Inclusión social e transición ao emprego	41	963	29.080,67 €	1720	51.940,56 €	717	21.651,97 €	concedida



familias en exclusión social	educación e apoio familiar: Programa de intervención familiar	41	1003	25.961,65 €	1720	44.520,48 €	717	18.558,83 €	concedida
población xitana	mediación social: Mediación social	38	300	6.912,00 €	0	0,00 €	0	0,00 €	concedida
personas sen fogar	inclusión sociolaboral básica: Inclusión sociolaboral sen fogar	35	300	7.765,20 €	0	0,00 €	0	0,00 €	concedida



SEGUNDO.- As contías adxudicadas serán cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+), nunha porcentaxe do 60 %, a través do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 e, en particular, dentro do obxectivo político 4 «Unha Europa máis social e inclusiva mediante a aplicación do pilar europeo de dereitos sociais»; prioridade 2 «Inclusión social e loita contra a pobreza»; obxectivos específicos ESO4.8 «Fomentar a inclusión activa ao obxecto de promover a igualdade de oportunidades, a non discriminación e a participación activa, e mellorar a empregabilidade, en particular para os colectivos desfavorecidos», ESO4.9 «Promover a integración socioeconómica dos nacionais de terceiros países, incluídos os inmigrantes», ESO 4.10 «Promover a integración socioeconómica das comunidades marxinadas, como os xitanos..»

TERCEIRO.- O método utilizado para a estimación dos custos será, para aquelas axudas cofinanciadas con Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e as correspondes as tipoloxías 4.1b.1 é o de custos simplificados.

CUARTO.- A aceptación da subvención podería implicar a súa aparición na lista de operacións que se publique nos termos establecidos no artigo 49.3 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello de 24 de xuño de 2021, así como na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS).

Así mesmo as entidades beneficiarias deben observar as obrigas do artigo 22 das bases da convocatoria.

QUINTO.- A recepción deste documento implica aceptar a obriga de aplicar medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión e cumprir a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións (RDC art.125.4.c). A detección de feitos que puideran ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, no marco da presente convocatoria, poderá pór os citados feitos en coñecemento do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto <http://www.conselleriadeconomia.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>.

SEXTO.- Dispón de 10 días para comunicar a súa aceptación. No caso de non comunicación entenderase tacitamente aceptada en todas as súas condicións.

SÉTIMO.- O pagamento das axudas farase unha vez xustificada cada anualidade nos prazos e forma previstos no artigo 24 e 25 da orde de convocatoria.

As entidades beneficiarias deberán xustificar cada anualidade de maneira independente:

- O primeiro período comprende as actuacións realizadas entre o 01.5.2025 e o 30.11.2025, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite do 15.12.2025.
- A segunda anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1.12.2025 e o 30.11.2026, ambos incluídos, e a xustificación presentarase con data límite do 5.12.2026.
- A terceira anualidade comprende as actuacións realizadas entre o 1.12.2026 e o 30.4.2027, e a xustificación presentarase con data límite do 15.5.2027.

OITAVO.- Cando o importe da axuda sexa inferior o solicitado, de conformidade co previsto no artigo 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e 19 da Orde reguladora da convocatoria, poderase instar á entidade beneficiaria a



que, nun prazo de dez días, reformule a solicitude para axustar os compromisos e as condicións á subvención proposta e/o formule as alegacións que estime pertinentes. En calquera caso, a reformulación de solicitudes deberá respectar o obxecto, as condicións e a finalidade da subvención, así como os criterios de valoración establecidos e que deron lugar ao seu outorgamento. Así mesmo, dita reformulación non poderá comprometer a viabilidade do programa, polo que se deberán manter os gastos necesarios para o seu correcto desenvolvemento.

NOVENO.- En xeral as axudas concedidas condicionaranse ao cumprimento das obrigas establecidas na orde polo que deberá:

- a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano concédente. En todo caso as actuacións se prestarán de acordo co establecido na Carteira de Servizos Sociais de Inclusión definida no Decreto 61/2016, de 11 de febreiro, en todos os aspectos que sexan de aplicación.
- b) Manter rexistros contables independentes ou empregar códigos de contabilidade apropiados para todas as transaccións relacionadas coa operación, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade
- c) En todo caso deberán manter unha pista de auditoría suficiente, dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente aúditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, e manter de forma separada na contabilidade os ingresos da axuda percibida e conservar toda a documentación relativa á subvención durante, polo menos, un período de cinco anos, partir do 31 de decembro do ano en que a Autoridade de Xestión, ou no seu caso o Organismo Intermedio, do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 efectúe o último pago ao beneficiario.

Entre a información e a documentación que debe conservarse incluíranse os contratos laborais e os mercantís, se se trata de persoal externo; información da situación de alta na Seguridade Social das persoas traballadoras imputadas á actuación e, de ser o caso, os informes ou a declaración responsable relativos ás bonificacións na Seguridade Social das horas dedicadas polos traballadores a cada unha das prestacións e do lugar de realización. Ademais, deberase conservar a documentación relativa ao control horario, ás verificacións de asistencia e aquela de que dispoñan nos casos en que a titulación exixida poida ser suplida por coñecementos adquiridos no desempeño da súa profesión e complementados con formación específica.

- d) Cumprir coas medidas de visibilidade, transparencia e comunicación establecidas no Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño. En particular, de conformidade cos artigos 47 e 50 do devandito regulamento, nos espazos en que se desenvolvan as actuacións contarán co emblema da Unión Europea xunto coa declaración «Cofinanciado pola Unión Europea». Igualmente, nos lugares de realización da actuación informárase do apoio dos fondos a través dun cartel dun tamaño mínimo A3 ou dunha pantalla electrónica equivalente con información sobre a operación nun lugar ben visible para o público. Tamén se fará unha breve descrición da actuación na páxina web e nas contas nos medios sociais, no caso de dispoñer delas, mencionando os obxectivos e resultados e destacando a axuda financeira da Unión Europea. Ademais, en todos os documentos e materiais de comunicación relacionados coa execución da actuación, destinados ao público ou ás persoas participantes, proporcionarase unha declaración que



saliente a axuda da Unión Europea de xeito visible. Na páxina web da Consellería de Política Social e Igualdade estará dispoñible a información, os emblemas da Unión Europea e do órgano concedente, así como un modelo coas características do cartel, emblemas e contido de obrigada inclusión.

- e) Informar, no seu caso, ás persoas destinatarias de que as actuacións nas que participan están financiadas pola Xunta de Galicia (Consellería de Política Social e Igualdade) pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027. Os emblemas deberán figurar, como mínimo, en todo o material e nos documentos que se utilicen ou entreguen ás persoas usuarias ou participantes.
- f) Adecuar a metodoloxía das actuacións, así como a de recollida e proceso de datos de seguimento e acreditación da realización da actividade de persoas beneficiadas ás fórmulas que, no seu caso, propoña a Consellería de Política Social e Igualdade e, se así é requirido, incorporarse como usuarias da aplicación informática deseñada e implantada para a xestión da Estratexia de inclusión social de Galicia 2014-2020. En particular deberán adecuar a metodoloxía de recollida e proceso de datos de seguimento e de acreditación da realización da actividade de persoas beneficiarias ás fórmulas requiridas a través da aplicación Participa 1420, realizando as actuacións precisas para recoller a información suficiente relativa ao desenvolvemento das actuacións que permita dar cumprimento aos requisitos de información a través de indicadores de realización e de resultados os que fai referencia o artigo 17 do Regulamento (UE) 2021/1027, de 24 de xuño de 2021. Neste senso, na súa cobertura deberá respectarse o principio de integridade dos datos.
- g) Os indicadores de realización relativos á persoa solicitante refírense a data inmediatamente anterior ao inicio da vinculación do/da participante coa actuación cofinanciada, mentres que os indicadores de resultado inmediato deberán referirse ao período comprendido entre o día posterior á finalización da súa vinculación coa operación e as catro semanas seguintes, no período de xustificación da correspondente subvención. Así mesmo, a Administración poderá requirir, en calquera momento, novos datos relativos á data en que se cumpran o seis meses desde que finalice a vinculación da persoa participante coa actividade cofinanciada, coa finalidade de formalizar os indicadores de resultado a longo prazo descritos no antedito regulamento.

Para estes efectos facilitaráselles ás entidades beneficiarias o acceso á aplicación informática Participa2127 (<https://participa2127.Conselleriadefacenda.gal/Participa212>) e os oportunos cuestionarios, que terán que respectar o principio de integridade dos datos. Para dar cumprimento a estes requisitos de información, as entidades beneficiarias deberán introducir os datos dos indicadores de realización e de resultado das persoas participantes na devandita aplicación informática.

- h) Comunicar as variacións das datas de inicio e remate das actuacións previstas na solicitude, así como os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade, en especial, os relativos ao subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei, e certificado no que se indique o número estimado da poboación beneficiada para a actuación no período subvencionado pola orde de convocatoria.



- i) Controlar a asistencia ás accións formativas e expedir certificado de finalización da acción formativa para os participantes que teñan asistido como mínimo ao 60 % do total das súas horas.
- j) Solicitar, de ser o caso, á Dirección Xeral de Inclusión Social a autorización das modificacións que afecten ás actuacións subvencionadas cunha antelación de cinco días respecto á data na que se produzan. Á autorización considerase outorgada tacitamente unha vez transcorrido o prazo de quince días desde que recibíuse a solicitude.
- k) Remitir no prazo de dez días os informes e demais documentación que reclamen os órganos competentes da Consellería de Política Social e Igualdade.
- l) Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que efectuará a Consellería de Política Social e Igualdade; ás verificacións que poidan realizar os organismos implicados na xestión ou seguimento do programa FSE+ Galicia 2021-2027, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 2021/1060, do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño, que incorporarán as correspondentes visitas sobre o terreo; ás de control financeiro que correspondan, se é o caso, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma; ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas ou a outros órganos da Administración do Estado ou da Unión Europea, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- m) Contratar un seguro para o alumnado ou participantes nas actuacións que cubra os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento das actividades e os dos desprazamentos para a asistencia a elas.
- n) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- ñ) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.

DECIMO.- Os servizos da Consellería de Política Social e Igualdade poderán efectuar as comprobacións que consideren oportunas en canto ao cumprimento dos requisitos esixidos pola Lei 13/2008, do 3 de decembro, e pola súa normativa de desenvolvemento.

DECIMO PRIMEIRO.- No que respecta ás obrigas previstas no apartado d) de comunicar e informar aos cidadáns de que as actuacións foron subvencionadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, para xustificar o cumprimento dos indicadores de comunicación previstos no programa operativo, a Dirección Xeral de Inclusión Social solicitará proba documental do cumprimento desta obriga, que deberá ser facilitada no prazo de 10 días. O incumprimento desta obriga ou non proporcionar a proba documental nos prazos esixidos poderá supoñer unha minoración da contía total da axuda na forma prevista no artigo 28 da orde reguladora da convocatoria.



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, pode interpoñerse recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución e potestativamente, e con anterioridade a interposición do referido recurso contencioso administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación de dita resolución. Neste último caso, non poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ata que sexa resolto, expresamente ou por desestimación presunta, o recurso de reposición.

O director xeral de Inclusión Social

Arturo Parrado Puente.

Asinado por: ARTURO PARRADO PUENTE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 14/11/2025 13:22:50

As copias en papel deste documento teñen condición de
copia e serán verificables a través deste código.
Código de Verificación: <https://sede.xunta.gal/ovo>

